

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL ENTROIDO 2022

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellaría de Cultura en colaboración coa Confraría de Pescadores e a Asociación de Comerciantes Zona Centro convoca o CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS O LUNS DE ENTROIDO 28 DE FEBREIRO ÁS 17.00h no Parque de Torrado. (e no caso de choiva no Salón de Congresos e Exposicións José Peña)

O concurso obxecto desta convocatoria rexerese polas seguintes Bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar todos os nenos e nenas que o desexen.

SEGUNDA.- Os participantes deben inscribirse o mesmo día, 30 minutos antes do comezo do concurso, seguindo as indicacións da organización.

Os menores de idade que participen no desfile deberán ser inscritos por un adulto; dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

TERCEIRA.- O xurado estará composto por persoal técnico da Concellaría de Cultura así como por membros de asociacións Confraría de Pescadores e/ou de Zona Centro.

CUARTA.- O xurado tomará a decisión ao remate do concurso e valorarase a orixinalidade do deseño, laboriosidade, creatividade, así como que toda a indumentaria e complementos garden relación co disfraz elixido e calquera outro motivo que poida considerar o xurado, coma a interpretación dos personaxes representados. Na modalidade de grupos, ademais, terase en conta a unidade no disfraz do grupo e o grao de coordinación coa súa significación e composición.



QUINTA.- A contía dos premios farase en vales de compra para cambiar nos establecementos asociados a Asociación Cambados Zona Centro.

-Dous premios ao mellor Disfrace Individual:

- Masculino: un premio de 75€

- Feminino: un premio de 75€

-Un premio ao mellor Disfrace en Parella de 150 €

-Un premio ao mellor Disfrace de Grupo de 200 €

**Terán consideración de Grupo todos aqueles que contén cun mínimo 3 persoas.*

SEXTA.- Presentarse ao mellor disfrace en modalidade Individual, Parella ou Grupo excluírá de poder presentarse en calquera das outras dúas modalidades.

SÉTIMA.- A entrega dos diplomas acreditativos dos premios realizarase o mesmo día tras coñecerse a decisión do xurado. Ao remate do concurso, e para poder trocar posteriormente os vales, será preciso que os representantes legais dos gañadores cubran os documentos xustificativos pertinentes, presentando o seu DNI.

Para o cobro dos premios na categoría infantil, terá que aportar os datos un adulto como representante.

OITAVA.- Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a decisión do mesmo será inapelable. Así, no caso de quedar deserta algunha das categorías ou, de haber participantes, non ser merecedores de premio segundo o xurado, este poderá redistribuír as cantidades como desexe.

NOVENA.- A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases.



ANEXO I

INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do menor de idade

E, no seu caso, en representación do grupo

SOLICITA

A participación no CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS convocado polo Concello de Cambados, na modalidade de (*sinalar cunha x*):

Individual

Parella

Grupo

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Copia do DNI no caso de: representante dun menor; representante dun grupo.

En Cambados, a _____ de _____ de 2022

(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do concurso e a participación no mesmo conforme a elas.



ANEXO II

FICHA DE BENEFICIARIO CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS

D/D^a _____, con DNI _____

con domicilio en _____

_____ e teléfono nº _____

en representación do menor de idade

E, no seu caso, en representación do grupo

Resultou beneficiario dun premio por importe de _____ €, recibindo vales de compra nos establecementos adheridos á Asociación Cambados Zona Centro por este importe, pola participación no CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL, celebrado en Cambados o día ____ de _____ de 2022.

Sinatura:

CONFORME o xurado/responsable:

Asinado

